



Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

CATALINA ECHEVARRIA BUADES, SECRETARIA CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA)

CERTIFICO

QUE A XUNTA LOCAL DE GOBERNO ÓRGANO COMPETENTE AO EFECTO, COA DATA DE 28 DE XANEIRO DE 2015 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO
MODIFICACION BASES VENRES DE FOLIADA

OBSERVADO ERRO NAS BASES REDACTADAS PUBLICADAS NA PAXINA WEB DO CONCELLO CONSONTE ACORDO DO DE 12 DE XANEIRO DE 2015 RELATIVO AS BASES BASES DESFILE DE COMPARSAS DA XVIII EDICIÓN DO "VENRES DE FOLIADA" pola presente e para engadir as mesmas se fai constar o seguinte "en ningun caso unha comparsa ou un grupo do concello de tomiño quedará fóra do concurso . Este requisito pasa pois a formar para das citadas bases

E PARA QUE ASI CONSTE SE EXPIDE A PRESENTE CO VISTO E PRACE DA SRA ALCALDE SA COA SALVEDADE DO DISPOSTO NO ARTIGO 206 DO ROF EN :

Vº e Pr.
A ALCALDESA

ASDO: SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

TOMIÑO, 28 DE XANEIRO DO 2015

A SECRETARIA



APROBACION DAS BASES DESFILE DE COMPARSAS DA XVIII EDICIÓN DO "VENRES DE FOLIADA"

1. O Concello de Tomiño organizador do desfile de comparsas "Venres de Foliada" do ano 2015, abrirá o prazo de inscrición das comparsas dende o día 26 de xaneiro ata o día 2 de febreiro, ambos os dous inclusive.
Para ampliar información contactar no 986 62 20 01 (Cultura) ou na dirección cultu.deporte@gmail.com.
2. Para a inscrición deberán cubrir o impreso que se facilitará no Concello e presentalo na oficina do Rexistro Municipal.
3. A documentación requirida para a inscrición é a seguinte:
 - ▲ Impreso de solicitude
 - ▲ Certificado de titularidade da conta do representante ou da comparsa.
4. O desfile terá lugar o venres 13 de febreiro ás 21:30 h. En caso de choiva realizarase o venres 20 de febreiro a mesma hora.
5. As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes.
6. O número máximo de comparsas inscritas será de 20.
7. As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza do tractor: Longo: 8,00 m. ancho: 3,50 m. alto: 4,50 m.
8. Non serán admitidas as comparsas con cabalos.
9. O número de orde das comparsas no desfile será por rigoroso orde de chegada ao lugar de saída (RÚA AO LADO DO COLEXIO PEDRO CASELLES).
10. A compensación económica para as comparsas participantes será a seguinte:
 - Comparsas de 15 a 30 compoñentes e sen carroza: 100,00 €
 - Comparsas de 31 a 45 compoñentes e sen carroza: 150,00 €
 - Comparsas de 46 ou máis compoñentes e sen carroza: 200,00 €
 - Comparsas de 15 a 40 compoñentes e con carroza: 200,00 €
 - Comparsas de 41 a 60 compoñentes e con carroza: 300,00 €
 - Comparsas de 61 a 80 compoñentes e con carroza: 400,00 €
 - Comparsas de 81 ou máis compoñentes e con carroza: 500,00 €

O pago das compensacións económicas realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente no Departamento de Intervención do Concello de Tomiño (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas as retencións que correspondan pola normativa fiscal.



Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

O prazo de presentación da factura será de 1 mes dende a celebración da festa.

11. A participación implica a aceptación das presentes bases e está aberta a todas as asociación veciñais, culturais, xuvenís, grupos, colexios, etc.
12. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevisto que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellería de Cultura.
13. EN NINGUN CASO UNHA COMPARSA OU UN GRUPO DO CONCELLO DE TOMIÑO QUEDARÁ FÓRA DO CONCURSO.

TOMIÑO, 28 XANEIRO 2015.

A ALCALDESA.

ASDO SANDRA SANCHEZ ALVAREZ